

AUTOENTREVISTA

“Crearvos é tamén crearme un pouco a min mesma, talvez tamén crerme”

Por Rosa Aneiros

Encántame durmir. Hai quen me considera lacazana pero iso é porque non me comprende. Cando estarrico o corpiño no sofá non o fago por preguiza. Só. En realidade, dispóñome a agardar. Agardo con paciencia, non excesiva, a que prenda o sono e alumee o facho do onírico. Daquela é cando espertan as pantasma do pasado, aquelas outras do subconciante diario e esas que non sei moi ben onde situar aínda. Se no hemisferio da tolemia ou no da xenialidade. Os personaxes comezan a latricar uns con outros e comigo nun triángulo escaleno en que perdemos as formas e gañamos o sentidiño. Aprendín a sentarme nese diván que é o meu sofá e deixar que os personaxes me psicoanalicen coa súa particular mentira.

Divírteme encontrarme neles.

Prodúceme terror encontrarme neles.

Por iso, cando me vexades cos ollos pechados, non me espertedes. Estou escribindo.

Brahim, o refuxiado saharauí de “Mares de xabre” de memoria cubana e corazón de area, pídemme que escolla un lugar do mundo.

-Meirás, xa o sabes. Un lugar non é unha paisaxe é o rodopío no que unha vida vira e vira con golpes centrípetos e centrífugos que batuxan no mar da alma. Para viaxar escollería La Habana por motivos sentimentais; o norte para ver as auroras boreais; a Meca sendo invisible para entender a devoción; Torres del Paine para andar ata caer derreada e Santiago de Chile para tocar as pegadas dos desaparecidos; Nova York para aprender mil e unha linguas e distinguir as diferentes tonalidades das luces de neón; Estambul polo brillo das cúpulas e a chamada dos muecíns á noite; as praias de Australia para ver como latexa o corazón da Terra na diástole... creo que non hai ningún lugar ó que renunciaría.

-Ás veces consigues que te odie –espeta Dinís, o heroe e mais a vítima, da “Resistencia”- sempre envolta en viaxes que non levan a ningures. Se deixases a cabeza quieta...

Non pode evitar botarme en cara a miña covardía.

A súa namorada Filipa, en cambio, abanea a cabeza e di que me comprende, que non é tan doado, que ás veces dá medo:

-Non lle fagas caso. El é consciente de que ti o admiras e abusa diso -Filipa chíscame un ollo- Cóntame unha historia que teñas por escribir.

-A da tolemia colectiva, aínda que pareza contradictorio. Atráenme eses personaxes que, aparentemente lúcidos, aparentemente felices, caen no pozo sen fondo que é a súa cabeza. As lideiras da mente son fascinantes. Teño por momentos a sensación de que a vida transcorre, agás en episódicos escaparates, no máis profundo dos miolos. É a soidade absoluta choída por millóns de transeúntes.

A vella Berta, de setenta e pico anos, devoción polo chocolate negro e achaques de lumbago de “A conto do Nadal” contéstame con esa súa morna quietude:

-Ai, miña nena, non tes nin idea do que é a soidade. Que vas escribir ti sobre iso...

-Tes razón. Tal vez por iso me gustades tanto os personaxes illados, as historias tristes, os episodios duros... suponme como creadora enfrontarme a situacións que, fisicamente, quizais nunca experimente. Pero si sentín a dor do cárcere e cada golpe aínda que a Dinís non llo pareza; o exilio de Filipa en Brasil, o de Brahim en Tinduf, a primavera de Praga de Minia; vin como algúns de vós pendurabades dunha corda e como outros pelexabades para mantervos na superficie a pesar dos naufraxios colectivos. Crearvos é tamén crearme un pouco a min mesma, talvez tamén crerme.

Balbina, a muller de sal da “Triloxía nas mareas”, fítame abertamente e advírteme que teña coidado, que tamén eu levo o mar prendido das meniñas dos ollos. Eu sorríolle:

-O mar non é tampouco un espazo físico senón un universo simbólico que recolle miles de sentimentos encontrados. (Re)crear o mar podería resumilo todo.

Zaina, a nena de as de colibrí, continúa encabuxada comigo:

-Fáltache humor e tamén mala ostia.

-Non me gusta que fales así. Aínda que supoño que logo do Prestige teño que aturarche todo sen dicir nin chío. Non debería falar de (re)crear o mar cando non somos capaces de mantelo vivo. Ás veces creo que pretenden facer co océano como coa lingua, coa cultura, coa economía... en definitiva cos propios galegos: converternos en maniqués inmóbiles dunha cidadedacultura monstruosa que nos conserve en formol. Para contemplación muda dos milleiros de visitantes de sucesivos xacobeos.

Zaina sorrí e provoca as gargalladas de Dinís, de Filipa, de Brahim, de Berta, de Balbina e de tantos outros. Son conscientes de que fan de min un pandeiro e que por moito que me erixa como creadora, ás veces son eles os únicos capaces de falar por min. No diván do meu sofá. Cando escribo e me invade a melancolía ;).